

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIO MUNICIPAL

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza.-**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa de Cemiterio Municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

### **Artigo 2.- Feito imponible.-**

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos; permisos de construción de panteóns e sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento de lápidas, colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos defuntos, e calquera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.-**

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

### **Artigo 4.- Responsables.-**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeneral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeneral Tributaria.

### **Artigo 5.- Exencións subxectivas.-**

Estarán exentos os servizos que se presten en ocasión de:

- a) Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

- c) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

#### **Artigo 6.- Cota Tributaria.-**

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

- a) Por cada licenza de enterramento: 20 euros.
- b) Por cada concesión de un nicho ou usuario: 779,89 euros

#### **Artigo 7.- Devengo .-**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

#### **Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso.-**

1.- Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.

A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto, memoria, autorizados por facultativo competente.

#### **Artigo 9.- Infraccións e sancións.-**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeneral Tributaria.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de xullo de 2004, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP.-